



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias novembro 2022

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2022 acadou a cifra de 1.047.608 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de outubro de 2022 de 1.093 afiliacións (-0,10%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.283.631, cun descenso de 155 afiliacións con respecto ao mes de outubro.

Na comparativa interanual (novembro de 2022 con novembro de 2021) obsérvase un aumento de 12.110 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,17%) e un aumento do 2,69% (531.273 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2022, rexístrase unha baixada das afiliacións en oito comunidades autónomas, destacando Illes Balears (-14,41%), mentres que en nove comunidades autónomas suben as afiliacións, especialmente en Murcia (1,17%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas superiores ao 4,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2022	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.283.631	-155	0,00	531.273	2,69
Galicia	1.047.608	-1.093	-0,10	12.110	1,17
Andalucía	3.287.374	12.881	0,39	74.197	2,31
Aragón	591.242	-1.083	-0,18	8.483	1,46
Asturias	372.521	-484	-0,13	3.886	1,05
Illes Balears	477.394	-80.387	-14,41	21.556	4,73
Canarias	872.068	7.856	0,91	45.683	5,53
Cantabria	224.661	-1.081	-0,48	2.336	1,05
Castilla La Mancha	751.987	2.223	0,30	7.031	0,94
Castilla y León	942.338	-5.489	-0,58	9.594	1,03
Cataluña	3.617.912	519	0,01	103.408	2,94
Comunitat Valenciana	2.076.704	21.064	1,02	62.997	3,13
Extremadura	406.034	-721	-0,18	2.584	0,64
Madrid	3.508.547	34.134	0,98	139.666	4,15
Murcia	631.274	7.278	1,17	12.964	2,10
Navarra	302.285	93	0,03	5.374	1,81
País Vasco	993.255	3.565	0,36	16.418	1,68
La Rioja	134.100	-410	-0,30	1.765	1,33
Ceuta e Melilla	46.326	979	2,16	1.222	2,71

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,85%, o que supón 8.234 afiliacións máis, seguida de Ourense (0,91%), Pontevedra (0,81%), e, por último, Lugo (0%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,10%. Lugo presenta o maior descenso cunha taxa de variación intermensual do -0,87%, seguido de Pontevedra (-0,06%). Pola contra, A Ourense presenta unha taxa de variación intermensual positiva (0,18%) e A Coruña mantense sen apenas cambios.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2022	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	453.537	20	0,00	8.234	1,85
LUGO	123.098	-1.082	-0,87	6	0,00
OURENSE	104.314	183	0,18	941	0,91
PONTEVEDRA	366.659	-213	-0,06	2.929	0,81
GALICIA	1.047.608	-1.093	-0,10	12.110	1,17
ESPAÑA	20.283.631	-155	0,00	531.273	2,69


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,35% das afiliacións galegas en novembro de 2022, diminuíu un 0,08% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 1,83%. En España estas taxas foron do 0,02% con respecto a outubro de 2022 e do 3,22% en relación ao mes de novembro de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,69%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-2,11%), Ourense (-1,69%), A Coruña (-1,10%) e Pontevedra (-0,81%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,23%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2022, baixan as catro provincias galegas; Lugo (-0,31%), Ourense (-0,21%), A Coruña (-0,13%) e Pontevedra (-0,10%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,16%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,12% e unha baixada intermensual do 0,08%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a novembro de 2021, baixan todas as provincias galegas: Lugo (-2,62%), A Coruña (-0,49%) e Pontevedra (-0,09%). A taxa galega acada entón o -0,40%, inferior á de España (0,09%). Con respecto a outubro de 2022, todas as provincias presentan un descenso: Lugo do 1,14%, A Coruña do 0,98% e Pontevedra do 0,12%. A taxa galega amosa unha diminución do 0,45% con respecto a outubro de 2022. A taxa nacional é do -1,90%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	453.537	0,00	1,85
LUGO	123.098	-0,87	0,00
OURENSE	104.314	0,18	0,91
PONTEVEDRA	366.659	-0,06	0,81
GALICIA	1.047.608	-0,10	1,17
ESPAÑA	20.283.631	0,00	2,69
R. XERAL			
A CORUÑA	363.376	0,05	2,60
LUGO	89.478	-1,07	0,83
OURENSE	81.474	0,28	1,66
PONTEVEDRA	286.435	-0,05	1,23
GALICIA	820.764	-0,08	1,83
ESPAÑA	16.890.903	0,02	3,22
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.213	-0,13	-1,10
LUGO	32.121	-0,31	-2,11
OURENSE	22.840	-0,21	-1,69
PONTEVEDRA	67.329	-0,10	-0,81
GALICIA	206.503	-0,16	-1,23
ESPAÑA	3.329.349	-0,08	0,12
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.947	-0,98	-0,49
LUGO	1.499	-1,14	-2,62
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.894	-0,12	-0,09
GALICIA	20.341	-0,45	-0,40
ESPAÑA	62.383	-1,90	0,09

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>